

## ESCRITORAS E DISIDENCIA

Teresa Moure

### I

*Unha vez máis, a figura branca achégase a ela, enfunda a man nunha luva transparente e, sen mediar palabra, ponse a rebuscar entre as súas coxas. Os dedos rachan a pel. Doe. Diríase que a figura branca lle está a remexer nas entrañas. Reprime a queixa para que non a manden calar. Sente que ten no ventre unha bomba a piques de estoupar, que sobe, sobe ata a gorxa. Tenta non perder a calma. Non quere que lle rifen como á muller que antes saloucaba ao seu carón. A figura branca inicia o que semella un ritual máxico, tocando cos dedos o bordo do útero (que estraño pensar agora que é seu, o útero, seu e descoñecido!) e espétalle: “Só tes cinco centímetros. O que aínda che queda...”. A man desaparece e, no entanto, a dor é tan aguda, tan profunda, tan inmensa e miserable que se diría que a figura branca deixou a man esquecida dentro, no seu interior. A ela, cando menos, sóbralle unha man de dor. Coa man vaise todo o humano que hai alí. Fica soa de novo. Experimenta a sensación desacougada e repetida de querer fuxir, de estar noutra parte, ceibe, lonxe daquel corpo que lle aprisiona hoxe a alma, dun destino que lle deparaba tal experiencia coma esa. Está completamente soa mais non importaría que rebulise por alí toda canta xente é posible pensar. Estaría igualmente soa. Como cando ela mesma naceu. Como cando morra. Está deitada, agarrada por cintas que lle cruzan o ventre a un aparato onde o ritmo do seu útero convulso se vai rexistrando nun papel. O aparato semella un sismógrafo. É igual ca un sismógrafo para ventres de muller, última tecnoloxía capaz de rexistrar a intensidade da dor, a efectividade da contracción, o sufrimento fetal, o número de pulsacións, de rexistrar todo canto é rexistrable. Podería rexistrar canto osíxeno gasta a paciente e canto anhídrido carbónico exhala, canta suor producen as súas glándulas sudoríparas, canta fel cabe no fígado, canta insulina no páncreas. Podería rexistrar mesmo os pensamentos que ten. Podería rexistralo todo... agás o medo. [...] En varias ocasións pensei, xa antes, que me fallarían as forzas mais de seguro que esta respiración tan dificilmente mantida será a derradeira. Mesmo, hai un anaco, cheguei a pensar que era unha desgraza non morrer naquel intre. Dende logo, a cabeza non me funciona coma sempre; non pode chegar a producir un pensamento completo sen caer nesta anguria gris e morna. Tremo e, con todo, xa non teño frío. Uns minutos atrás pedín unha manta e logo outra máis. Agora xa non podo falar. A penas podo pensar que non teño frío, que só teño un tremor insoportable que chega dende o cerebro e reparte o seu a cada unha das zonas do corpo. Canto máis tremo máis ganas sinto de tremer, como a auga que, antes de saír polo sumidoiro, forma un remuíño para abrirse paso, o meu corpo treme para non ter que ocuparse da dor que lle invade. A figura branca é coma unha abella, e volve, e volve varias veces máis. Intento suplicar que me deixen en paz, que non me movan nin me inflixan máis danos que os normais da condea. A figura-branca-abella de seguro non entende esa linguaxe xurídica e non sabe que conculca os dereitos humanos cando estremece a miña alma con eses dedos... porque a alma debe estar neses recunchos escuros e descoñecidos que ela me toca. Non sei se será unha barbaridade mais ao mellor os homes non teñen alma porque o alfareme que os modelou non deixou feito o burato por onde el sacaría a man logo de poñer a alma dentro.*

*Vaia cousas que penso; mellor sería durmir mais a luz está dándome nos ollos como nos interrogatorios das películas de cine negro. A figura-branca-abella mentres pasa ao meu lado di: “anda, que non te queixabas tanto cando cho estaban facendo”. Bruxa, que saberás ti se me gustou! A frase faime pensar que estou dentro dunha película, mais xa non é de xénero negro. Cando tiña nove anos, coeime nunha sesión do cineclub que había nun baixo a carón da miña casa e entrei xusto para ver a escena dunha violación. Fiquei abraiada. Na pantalla un parvo aparecía para preguntarlle ao violador polo que estaba a facer, e el contestáballe “o mesmo que lle fixo o teu pai á túa nai” mentres ría ás gargalladas. Durante semanas asexei a cara dos adultos. Guichei a todos os varóns que coñecía, buscando no seu rostro a pegada de terlle feito á moza o que eu vira que un actor simulaba facer a unha actriz. Ao mellor aínda non me recuperei desa imaxe... Por iso, cando me namoro, penso nos bicos que dará el... Nunca en máis nada. Nunca penso en palabras maiores... Por que chamarlle palabras maiores a unha ximnasia que os homes prefiren facer sen palabras? É imposible recuperarse de certas imaxes. Teño almacenada na mente unha colección de imaxes agresivas, regaladas por Fellini, por Tanner, por Fassbinder... Regaláronmas cando aínda era pequena de máis para deglutilas, aínda que non, polo visto, para me coar no cine. Gardo esas imaxes ben dispostas nos meus arquivos mentais para comentalas cando vaia a un cursiño de semiótica, aínda que talvez sería mellor reservalas para unha sesión truculenta de psicanálise ou, se cadra, para un encontro de escritores e escritoras.*

## II

Perdoádeme que teña infrinxido as normas habituais dun relatorio académico; ao fin nós non somos académicos, senón xentes que len e que escriben. Precisamente, amparada na bohemia que a literatura nos adxudica, usei romper os moldes que nos permiten seguir as conferencias. Debo alegar na miña descarga que, se tal fixen foi, como sempre, por culpa das palabras. Porque, ao buscar no dicionario a palabra *disidencia*, atopei: “falta de acordo entre persoas que pertencen á mesma comunidade”. E aí foi unha festa. Seica a propia palabra *disidencia* estanos invitando a romper os moldes para que aos artesáns non nos saian os produtos en serie como aos obreiros das cadeas de montaxe. Logo cabía comezar por outro sitio distinto do habitual, cabía *disidir* coa organización do discurso e iso quixen facer no limiar.

Invítanme a matinar sobre a disidencia e acepto con ganas. Se me tivesen invitado a visitar o Edén non sería para min máis apetecible porque o concepto de disidencia atesoura canto me parece digno de ser: a rebeldía ás directrices obrigatorias, a pluralidade de formas de pensar, a loita por non traizoarse. “Falta de acordo entre persoas que pertencen á mesma comunidade”, rezaba no dicionario, e agora conviría definir o que se entende por *comunidade*. Cumpriría aclarar se pode ser *comunidade* algo tan abstracto e alleo como a Unión Europea (por certo que, se deixaron de chamarlle comunidade, como se lle chamaba antes, por algo será). Cumpriría aclarar se comunidade é necesariamente o país no que nacemos, se define á comunidade o sentimento de amor ou outras ataduras; se comunidade, en fin, é paraíso ou castigo. Cumpriría aclarar se comunidade é a aldea natal de trinta casas, onde os veciños tecen redes de solidariedade mutua mais, ao tempo, tamén presionan para que todos os individuos sexan iguais, para que non saian do couto do establecido

e que, cando así acontece, rexouban, critican, exclúen. Digo isto porque a palabra disidencia parece levar asociadas connotacións políticas, como se o/a disidente se recoñecese no seu desafío ao totalitarismo. E a min gustaríame dicir que disidentes debemos ser todos para non estar *sedentes*, tan conformes con todo, tan pasivos. Un dos ritos máis presentes na comunidade galega da que formo parte é o da matanza do porco. Nun país pobre, coma o meu, o sacrificio dese animal tan preto ao humano, do que se aproveita todo, supón un aumento na inxesta de proteínas que fai o seu consumo moi prezado. Cando alguén criado nesta terra ousa rexeitar os sacrificios rituais, cando evita alimentarse do corpo doutro e se fai vexetariano, por exemplo, comete un formidable acto de disidencia. Disidencia é, asemade, non votar ao partido maioritario, non vestir á moda, non ir ás rebaixas, non pasar as fins de semana engrosando o peto das multinacionais coas súas festas de consumo, non sentarse tres horas diarias diante da televisión, non tratar de vostede, non poñer exames, non aceptar que outros nos fagan o traballo doméstico, non comulgar con pedras de muíño. A literatura non precisa, logo, proclamarse “de compromiso” para ser o país da disidencia pola súa propia condición de produto destinado a traizoar a realidade, a permitir a evasión do cotián, pola súa natureza de lugar de encontro dos que non se atopan seguros nas súas comunidades, dos disidentes. A disidencia desafia, suxire, coloca toda a nosa elocuencia ao servizo do nobre obxectivo de poñer o mundo patas arriba. Como di o subcomandante Marcos, que é un dos disidentes máis comprometidos que coñezo: “O mundo que queremos transformar xa ten sido traballado antes pola historia e ten moitos furados. Debemos atopar o talento necesario para, con eses límites, transformalo e facer unha figura simple e sinxela: un mundo novo”.

Evidentemente a disidencia non se fai sen algo de tradición (convén sempre respectar @s devanceir@s inspirad@s e tomar nota das súas ocorrencias) e non se fai sen cocérmolos nun caldo, sen alimentármolos de pensamento alternativo. Doutro xeito disidencia resultaría sinónimo de excentricidade, de esnobismo maniático e aquí trataríase, máis ben, de gozar co proceso colectivo de peneirar ideas para non conformarnos cos tópicos e, a base de borrar, conceder, rectificar e prestar atención aos matices, irmos construíndo ideas novas.

### III

Neste punto quería traer á vosa consideración o asunto da voz da muller na literatura actual. Ben sei que un dos debates máis pegañentos dos últimos anos ten que ver coa existencia (ou inexistencia) dunha literatura chamada *feminina*. De tanto evocalo o asunto está trivializado e xa dá noxo: diríase que un corpúsculo de mulleres acaloradas co feminismo igualitario decidiran tomar por asalto a literatura e, a partir dese momento, desconsiderar o traballo dos homes, ou valorar mellor o traballo das mulleres ou, como no deporte, competir por separado. Na maioría dos foros onde se aborda, este debate está condenado a resultar absolutamente estéril porque responde a unha actitude superficial, que formula preguntas para realizar, simplemente, o acto de preguntar; sen agardar, nin pretender sequera, respostas. “Mais, existe o xénero?, continua a existir un rol reservado á muller na sociedade posmoderna?” parece dicir burlonamente un entrevistador, formulando unha pregunta que, de puro nihilista, semella aqueloutra “Ah, mais existe realmente a loita de clases logo da caída do telón de aceiro?”. A pregunta encol da literatura de mulleres precisa,

daquela, formularse de xeito máis esencial, máis feroz. Aceptemos, por un momento, a hipótese de que tivese algún sentido a etiqueta de *literatura feminina*. Non é necesario insistir en que, como toda clasificación, esta sería relativa e podería derrubarse en calquera momento: *literatura infantil, de compromiso, literatura realista, oral, de masas* son tamén categorizacións difusas, que non determinan nada. Volvamos ao suposto. E se puidésemos defender que hai unha literatura de muller con algún tipo de perfil (temático, de ton, de contidos, de estilos, do que for)? Nese suposto hipotético, o feito de que a muller sexa sempre segundona nas historias da literatura, da arte, do mundo pasa a cobrar singular importancia.

Tomarei partido. Esta intervención comezou, nun acto de disidencia dos usos académicos, co relato dun parto entresacado dos *Cadernos de anotar a vida* da muller que estades escoitando falar. A escolla de tal motivo non foi inocente. Xa que logo si creo que hai unha literatura feminina (aínda que non todas as mulleres que escriben produzan literatura feminina). E non entrarei a considerar se iso é bo ou malo. Simplemente é. Tamén creo que esa literatura é recoñecible para o lector ou a lectora, igual que a de calquera outra minoría; co seu mesmo carácter alternativo e, de certo, disidente. Por iso, cando se le a Arundathi Roy, a Isabel Allende, a Vandana Shiva, a Marguerite Duras, a Kenizé Mourad, a Marianne Fredriksson, a Carme Riera, a Virginia Woolf, a Rosalía de Castro ou a Teresa de Ávila espéranse certas recorrencias, certos matices, certos asuntos que están completamente ausentes dos homes literatos, dos creadores que poboaron de personaxes as nosas fantasías. O problema dos lectores vai ser agora de recepción. Quizais nos acheguemos ás autoras buscando, xunto ao oficio, certos asuntos e un leve aroma exótico.

A forza da argumentación en favor da literatura feminina, en realidade, procede dos mundos narrados. Os personaxes do noso inconsciente colectivo (creado, basicamente polas imaxes da literatura e do cine) son os esperables nun universo feito á medida do home: o mariñeiro que ten un amor en cada porto, o home namorado de dúas mulleres, a puta consoladora, a nai absorbente, o heroe atrevido e sincero... A nosa imaxinación está poboada de figuras que só poden entenderse aceptando que están elaboradas polo artefacto cultural dominante. En consecuencia a visión do mundo que constrúe os homes e as mulleres como tales, que os modela para ser homes ou mulleres, impregna a literatura, nun feedback salvaxe e todopoderoso. Con todo, algúns dan subvertido esta orde arbitraria e, así, esporadicamente e en bicos de pés, entran na literatura os sabores doces das periferias, as voces dos outros, os pobos non occidentais insuflando realismos máxicos ou resplandores míticos. Falamos de literatura feminina cando as subversivas son elas, que entran a dar detalles prohibidos, a proporcionar un punto de vista ausente da historia oficial, tal e como nola contaron. Porén, mesmo ante unha incorporación considerable de escritoras ao oficio de escribir, a cultura feminina e a conseguinte visión do mundo que tivo que amasar o colectivo das mulleres ao longo do tempo, a súa percepción do destino que se lle depara, é dabondo escasa. Fronte ao inconsciente colectivo tan modelado a que antes aludía cun par de pinceladas, cantas descrições dun parto podemos atopar nos andeis da nosa librería? Cantas veces nas nosas lembranzas sobre os textos lidos aparece a lactancia baixo a figura da nai-nutricia ou baixo a percepción, moi íntima, desa experiencia de pracer nas mulleres? Cantas mulleres da literatura reivindicán a pertenza a un colectivo ocupado en tarefas secundarias sen as cales non funcionaría o mundo? Entrementres, tod@s imos sendo adestrados: aprendemos a ser homes e mulleres a través dunhas

imaxes prestadas, que corresponden a valores pretéritos, aínda que alimentados polo poder, que prefire a homoxeneidade ás incómodas diferenzas.

Un grupo de nenas xoga ao brilé. A medida que van quedando eliminadas por un roce de balón, as perdedoras se van xuntando para entreter o tempo e a frustración con algún outro xogo. O esperable sería que as xogadoras que teñen que abandonar a pista se sentasen á beira do campo e continuasen contemplando o desenvolvemento do partido. Pois non, as nenas eliminadas do brilé póñense a xogar a princesas. Collen o pano dos mocos, átanos e inclinan a punta dos dedos en posición de beixamán. De seguido adoptan un falar fino, tratándose unhas ás outras de “Alteza” e, dunha forma decidida, coqueta, inflamada, comezan por repasar unha longa lista de pertenzas soñadas. Para a pedagogía esta actividade será máis respectable que enchufarse a un videoxogo, porque prima a imaxinación e non fomenta a competitividade, no entanto para a socioloxía non ten refugallo: “Eu, podería dicir Mercé, sentada nunha bolsa de deporte, estou sobre o meu trono, que é de ouro, teño a casa chea de criadas e báñome nunha bañeira na que podoo nadar”. “Eu tamén teño trono de ouro, interrompe Arantxa, e a miña casa é un pazo cun xardín que non ten fin, todo cheo de plantas, e flores, e árbores, e fontes... e de todo... E, debaixo do trono, que antes non o dixeran, gardo moreas de cousas riquísimas, que nunca probaches, como chocolate con amorodos”. “Pois eu, diría Sabela, que nisto todos os países son iguais, teño unha melena ata os pés e vou vestida só con tres cunchas pequeniñas” e todas rin de imaxinar a presumible colocación das tales cunchas. As nenas adestran así para ser xustamente o que se espera que sexan: consumidoras compulsivas e mestras da sedución. Porén o xogo é literatura. Literatura oral. E podería reconducirse para se converter en alicerce co que formar verdadeiras críticas da cultura. Porque a tradición feminina, e espero que aos homes da literatura non lles incomode tal idea, é unha tradición fortemente literaria. Máis que valores deportivos, valores competitivos, valores militares, valores relixiosos... as mulleres viven as súas vidas (interpretan as súas vidas) sobre valores literarios. A forza da palabra é poderosísima na subcultura das mulleres. Máis comedidas no insulto, máis expresivas na tenrura, máis ousadas á hora de declarar os seus sentimentos, máis susceptibles se o interlocutor fala dun asunto do que non debería falar ou mencionando unha palabra que non se debe nin pronunciar, as mulleres parecen as depositarias da palabra. Por iso o tópico di que a muller fala. Mesmo asegura que fala máis có home. Porén o seu é un discurso irrelevante, lixeiro, discurso de conversa, de lería, de relato oral, pura rexouba. O discurso masculino, en cambio, é un discurso elevado, por veces científico, rigoroso, ou artístico. Nese tópico non ten sentido que a muller, no caso improbable de que escriba, teña un discurso propio. E, no entanto, cunha literatura que recrea o inconsciente colectivo masculino, como se estivese exclusivamente feita por autores, destinada a lectores e con vocación de versar sobre os asuntos dos homes, que lle pode corresponder ao discurso das mulleres se non é a disidencia?

#### IV

Ao chegarmos a este punto, quero aclarar as cousas e que non se me enfaden os varóns presentes. As mulleres non van contar mellor cóos homes, non van ser mellores narradoras, ou poetas, ou dramaturgas. Simplemente as mulleres reclaman o seu lugar na foto do mundo, o cal é xusto; e facelo non implica abandeirarse coa mercadotecnia (a dos *libros de rapaza* que ás veces explotan as editoriais), é un acto de

disidencia. Por iso non todas as mulleres que escriben estarían incorporando ese punto de vista alternativo que aquí se alude; en moitos casos as mulleres para triunfar na literatura, como noutros eidos sociais, asumen o discurso maioritario, o discurso dominante. Nunca estiven nun taller téxtil de Manchester no século XIX mais podo imaxinar dabondo ben a peluxe flotando polo aire, a humidade, os dedos paralizados pola friaxe, a fame, o cansazo, a relación de amor e odio cara ao patrón que me humilla e me paga. Non estiven alí mais outros déronme os ollos para velo e agora eu tamén podo contalo. En boa lóxica non fai falta nacer con corpo de muller para poñerse na pel das mulleres nin, pola contra, nacer con corpo de muller asegura ter esa voz disidente. Porén as mulleres cando escriben están na disposición idónea para incorporar unha voz discordante e introducir asuntos que escapan ao pensamento único que nos asolaga, ou para facelo dentro dos esquemas de interacción propios das relacións entre mulleres, que segundo a lingüística ou a antropoloxía continúan viventes. Porque o varón heterosexual e branco, de idade media, de posición económica acomodada e formado na cultura occidental non é culpable de nada, nin é o inimigo público número un. Simplemente a súa visión do mundo non é a única que existe.

Un asunto como a violencia de xénero non é frecuente na literatura. Non puido selo, historicamente, se atendemos á consideración que o pensamento dominante tiña da muller: “A muller é a inimiga da amizade, a dor inevitable, a tentación natural, o perigo doméstico... o mal necesario” predicaban os pais da Igrexa cando querían preservar os seus homes de trato carnal con muller. Por certo que nos próximos anos, se a Igrexa continúa a súa cruzada por preservar o varón de trato carnal con outro varón, seguro que mellorará a súa carta de presentación das mulleres. O problema está en que o escritor pensa tamén no seu auditorio e, talvez por iso, moitos homes que, canda nenos, foron vítimas da mesma violencia que castigaba ás súas nais, non a converteron en motivo literario como fixeron cos triángulos amorosos, o heroe liberador ou a sempre socorrida “mocidade doce mocidade”. A incorporación de voces disidentes é logo unha manifestación colectiva fronte ao pensamento único e debe ser saudada por tod@s. Ser disidente hoxe supón rexeitar todas as formas de represión: o *sexismo* e o *racismo*, dúas pólas da mesma rama, mais tamén a *discriminación por razón de idade*, unha forma de desigualdade comúnmente inadvertida, que mantén o tópico de que, por definición, os vellos son conservadores e os novos arelan cambiar o mundo ou de que os novos non teñen opinións profundas nin os vellos senten paixóns arrebatadas como se todas as nosas actitudes viñesen ditadas polo calendario. Unha vez que relacionamos estas formas de represión coa explotación de recursos do Terceiro Mundo e os intereses que sustentan a loita de clases, teremos o compromiso ético: as cousas non son como son porque así deban ser, senón que son como son porque a algúns moito lles vai en que así sexan. Por iso, dende a lóxica, mais tamén dende a cultura, deberíamos rexeitar toda estrutura argumental que xustifique a subordinación e nunca máis, *nunca máis* como se di no meu país, enfrontar home fronte a muller, mente fronte a corpo, cultura fronte a natureza para soste que os primeiros termos de cada par son os bos e os segundos termos os malos. Nunca máis. Como resultado teremos unha nova forma de concibir a natureza, unha nova ética e unha nova política, baseada no consenso e non nunha democracia numérica que, evidentemente, está feita para enganar os disidentes. Mais tamén teremos unha nova arte, unha nova literatura... e nesas estamos.

## V

Porque se eu estou aquí é porque acabo de escribir unha novela desas que se chaman de muller. *Herba moura* é o título da obra e o nome dunha planta que comparte coa literatura o poder narcótico de mitigar a dor e coas mulleres a mala fama; da herba moura, dise sen fundamento que é tóxica, igual que das mulleres se din sen fundamento moitas outras lindezas. Foi formidable atopar unha planta con este poder sandador, usada nos mosteiros medievais como analxésico, e cun nome que soaba semellante ao meu porque iso me permitía integrarme na historia das mulleres. Eu quería xogar a reescribir a historia, para dar voz aos saberes de muller que imos perdendo co abafante pragmatismo que nos rodea, coma os poderes curadores das plantas. Cando na escola nos din que o ser humano é un animal racional estannos seguro mentindo porque a capacidade de elaborar pensamentos racionais, con ser importante, non nos esgota (e estou certa de que moitos animais, como as ratas de laboratorio ou os cans de palleiro, realizan tarefas racionais complexas). O que nos define aos seres humanos é a capacidade de sentir emocións. Nese sentido *Herba moura* é un canto ás paixóns: á paixón amorosa, dende logo, mais tamén a outras paixóns deostadas como a do amor polo coñecemento, a da amizade, a da maternidade, a da lectura e a da palabra. Un dos responsables da idea de que o ser humano se reduce a mera conciencia racional foi o filósofo Descartes. *Herba moura* toma a súa vida como motivo, sobre a base de datos históricos, mais coa ousadía de inventarlle as paixóns ocultas na intimidade, dende a perspectiva de tres mulleres: a raíña Christina de Suecia, a súa amante holandesa Hélène Jans e unha muller galega do século XXI, desencantada da vida universitaria, que fai unha tese sobre o filósofo, Einés Andrade. O fío que une as tres protagonistas é a historia da vida cotiá, deses saberes agochados que as mulleres se transmitían dunhas ás outras gardados en huchas de castiñeiro, co enxoval, as receitas para curar as enfermidades da familia e as cartas de amor. Nese sentido, a relectura da historia é unha ousadía, unha disidencia, porque se por un azar, ou por unha investigación como a de Einés Andrade, descubrisemos agora que Descartes e todo o mundo académico estaban equivocados e os humanos non fôsemos animais racionais, senón animais pasionais, non se nos permitiría argumentar coas cartas, as receitas e os saberes que gardamos canda o enxoval da avoa, aínda que os tivesemos herdado do mesmísimo Descartes, que iso non se axusta ao método científico. Na novela, emulando ese coñecemento atrapallado e asistemático, o único que se nos permitiu acumular ás mulleres nos xineceos apartados da Academia, da Universidade, do Laboratorio, vanse inserindo realidade e fición, cartas entre os personaxes do século XVII e correos electrónicos entre os do século XXI, esconxuros para atraer amantes túzaros e receitas antigas para non quedar mudo diante do ser amado, poemas actuais que se escriben dende a desesperanza, fragmentos de ensaio con distintos puntos de vista e inventos de mulleres que, por ser de mulleres disidentes, non acadan o éxito. Mais, sobre todo, *Herba moura* quere expresar o medo ao paso terrible do tempo e cantar ás paixóns irreducibles coa idea de que, posto que a morte ha de chegar seguro, convén, mentres se poida, ir festexando a vida. Finalmente, a novela concede protagonismo ao valor da palabra, porque elaborar un discurso propio é unha das formas máis suculentas de gorentar a vida, que se as palabras están ben escolmadas e a alma na xusta sazón poden

prolongar o placer coma afrodisíacos e calmar a dor coma analxésicos, que por algo afrodisíacos e analxésicos tamén son palabras.

Como muller disidente que aspiro a ser espero non ter dito máis do mesmo. Nada me disgustaría máis. Volver sobre o *problema da muller* non é camiñar polo mesmo rego aínda que se nos estea a vender continuamente que se trata dun asunto superado. O 70% das persoas do mundo que viven na pobreza absoluta son mulleres malia cubriren as tres cuartas partes das horas de traballo remunerado, polo cal, por certo, reciben a metade do salario dos homes. As mulleres seguen a facer a maior parte do traballo doméstico (ocuparse do fogar, criar os fillos, coidar maiores e enfermos, producir os alimentos básicos, manter as relacións sociais) que nin se recoñece nin se valora. As mulleres só posúen o 1% da terra, a penas teñen acceso a préstamos nin dereito a herdanza. Ademais son obxecto de maltrato na parella, tráfico sexual, violación, mutilación xenital, infanticidio selectivo, crimes para restaurar a súa honra. Cando adopto un punto de vista feminista, non falo no meu beneficio, quero dicir que nada ten que ver coa miña consideración o feito de que eu sexa unha muller. Quero crer de min que pensaría o mesmo se fose varón, ou transexual, ou *queer*. Igual que creo que o racismo é malo aínda que me teña tocado nacer cunha pel branquísima. Mais falabamos de disidencia. As políticas de igualdade coas que ás veces os gobernantes pretenden amordazar a disidencia feminina, con ser positivas e necesarias, están deseñadas para uniformarnos, para que sexamos iguais, en vez de diferentes mais posuídores dos mesmos dereitos. Un movemento artístico subversivo nos anos 90, as *guerrilleiras*, denunciaba que as artes plásticas seguen escurecendo a muller posto que menos do 5% das obras gardadas nos museos foran feitas por mulleres mentres que o 95% dos nus son femininos. Iso debe querer dicir algo. Elas citaban retranqueiramente entre as vantaxes de ser unha artista a de traballar sen a presión do éxito, a de estar segura de que calquera traballo que fixeran sería cualificado de *feminino* ou a de figurar nas versións revisadas da historia da arte sen sufrir o pudor de ser chamadas *xenio*. E iso está acontecendo aínda hoxe. A literatura está moi relacionada con este panorama. O 90% dos analfabetos do mundo son mulleres, de xeito que a superación persoal que implica a cultura escrita, da que nós formamos parte, resúltalles allea a moitas mulleres. Existe unha disidencia que, malia a súa considerable variación interna, falséase coa denominación homoxeneizadora de *feminismo*, unha etiqueta que se fixo tópico para falar da revolución (tamén tópica) dos costumes sexuais das mulleres occidentais de clases medias nos núcleos urbanos. Non tiña, por certo, en conta ás mulleres do Terceiro Mundo, nin ás mulleres das periferias en Occidente (como as galegas), nin ás mulleres demasiado pobres para pensar noutra cousa distinta a obter comida, nin ás mulleres demasiado analfabetas para soñar coa arte, nin ás mulleres rurais demasiado apegadas á súa casa e aos seus como para sentirse concernidas pola convocatoria, nin, en xeral, ás que pensasen diferente dalgún dos outros moitos xeitos de pensar diferente. Por iso aínda hoxe *feminismo* é sinónimo de manifesto de minorías, dunha actitude agresiva, dun movemento atrevido que a moit@s lles dá medo. Probablemente é hora xa de considerar o feminismo coma un movemento disidente, á par dos outros movementos liberadores que perseguen unha sociedade máis xusta e máis feliz; un movemento, por certo, que non exclúe a ninguén. Non exclúe ás mulleres doutras latitudes, aínda que elas esixirán incorporar puntos de vista propios, por sorprendentes que ás veces nos resulten dende aquí. Non exclúe ás mulleres pobres e sinxelas que ao poder lle parecen insignificantes e aos grupos feministas organizados lles resulta demasiado



difícil artellar coma colectivo. Non exclúe ás mulleres vellas, das que se di, cunha arrogancia ignorante do accidental que é a existencia, que xa fixeron a súa vida. O feminismo non exclúe a ningún. Nin moito menos o feminismo exclúe aos homes. Porque a alternativa ao poder patriarcal, economicista, uniformizador e explotador non se fai sen os amigos comprensivos, sen os amantes cariñosos, sen os benqueridos homes. En realidade, a loita feminista é unha loita liberadora, semellante á que nos opón ao militarismo que nos dispara, ás oligarquías que nos masacran, ao capitalismo que nos explota, ao racismo que nos clasifica. A loita na procura do ser humano esixirá que cada un aporte o que teña. A voz da muller na literatura incorporará vivencias biolóxicas femininas, puntos de vista diferentes, como resultado de crianzas, e maneiras, e perfíles distintos. Trátase, logo, dunha disidencia tan necesaria como todas as demais porque a diversidade de discursos, como a diversidade biolóxica, cultural, lingüística, de comportamentos, sexual, de ideas é un ben de tod@s e non cabe interpretar o seu deterioro como consecuencia inevitable do progreso, senón coma unha calamidade máis da orde mundial establecida, unha orde mundial que pode e debe cambiarse. Nun momento coma este de multiculturalismo e de exaltación das minorías, nunha época na que nos vai tocar cohabitar cos refuxiados de países afastados, que imos ter que resistir coma nunca contra o colonialismo e contra os intereses de mercado, o mellor da disidencia, de todas as disidencias, é que nos colocan en disposición de construír unha figura como esas que lle gustan ao subcomandante Marcos, unha figura radicalmente fermosa e perfecta; estamos en disposición de construírmos un mundo novo. Grazas.